

SEMINARIO

# OBRAS PUBLICAS E O PATRIMONIO CULTURAL

CONSELLO DA CULTURA GALEGA  
SANTIAGO DE COMPOSTELA  
13 E 14 DE MAIO DE 2014



CONSELLO  
DA CULTURA  
GALEGA

O territorio, debido aos procesos naturais e/ou antrópicos que inciden nel, está en construción permanente. Entendemos por procesos antrópicos os estritamente culturais e os que son derivados da contemplación humana do territorio, tales como a percepción estético-emocional que devén en sentir aquel como Paisaxe, ou os que o vivencian como territorio patrimonializado e fidelizado culturalmente, que o fan sentir como herdade, como memoria e como excitador e fixador da identidade colectiva e individual, é dicir, como un Ben Cultural. Son, pois, os procesos antrópicos aqueles que, máis alá dos procesos da natureza, deixaron pegadas humanas directa e indirectamente esculpidas na topografía do territorio ata dotala da calidade de topografía cultural e convertela en parte da identidade dun país.

As pegadas naturais e/ou as antrópicas explican e documentan directamente aqueles procesos económicos e sociais que non sempre están ben custodiados na práctica dos procesos proxectuais e na construción das grandes infraestruturas que se levan ou que se levaron a cabo, no territorio galego nos últimos tempos. Por tal motivo, a Sección de Patrimonio e Bens Culturais considera pertinente a realización deste seminario, que pretende facer o balance do nivel de colaboración e de converxencia das diferentes administracións que actúan como axentes e xestores, ou sexa, como promotores de calquera tipo de intervención sobre o noso territorio, e aquelas administracións que exercen a competencia de definir e previr a conservación daquelas áreas do territorio con valores culturais, materiais e inmateriais, que sexan considerados, ou susceptibles de selo, como Bens Culturais catalogados e/ou declarados.

Pero tamén se trata de que neste seminario se discuta sobre como axudar a que as administracións actuantes nos procesos proxectuais e nas execucións das obras cultiven actitudes que se derivan do Estado de Dereito e ás que, polo tanto, están obrigadas. Investigar, coñecer, proxectar e conservar durante unha obra pública as áreas do Territorio e os Bens deste que teñan a categorización de Bens Culturais debería ser, para as administracións que eliximos entre todos, a tarefa primeira que ter presente, e non sempre o é.

Na organización do Estado de Dereito déronse pasos moi significativos dende os anos 1992-1993 cunha práctica de interdisciplinaridade maior nas distintas fases e procesos que se levan a cabo neste tipo de proxectos. Non obstante, lograr unha maior excelencia, publicitación e participación da cidadanía nas distintas fases e procesos que se seguen á hora de intervir sobre o territorio debe ser un obxectivo que acadar, xa que derivará en aumentar a percepción do territorio como Paisaxe e en mellorar a vivencia deste como patrimonializado e fidelizado culturalmente, é dicir, como herdade, como memoria e como excitador e fixador da identidade colectiva e individual. En definitiva, este seminario trata de reflexionar sobre o xeito de facilitar un maior grao de acceso á Cultura, ao Ben Cultural que é o territorio, contribuíndo, así, a aumentar de paso a patrimonialización cultural deste.

# PROGRAMA

## 13 DE MAIO

### SESIÓN DA MAÑÁ

09:30 horas

*Inauguración do seminario*

**Ramón Villares**, presidente do Consello de Cultura Galega

**Xesús Vázquez Abad**, conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia

10:00 horas

*As Obras Públicas e o Patrimonio Cultural, versus construción da paisaxe*

**Iago Seara** e **Carlos Nárdiz**, profesores da Universidade da Coruña. Sección do Patrimonio de Bens Culturais do CCG

11:00 horas. Pausa

11:30 horas

*A integración do "Patrimonio de bens culturais" nas fases de planificación, proxecto e construción das estradas*

**Federico Saldaña**, enxeñeiro da Demarcación de Estradas do Estado en Galicia

**Carlos Lefler**, xefe de Servizo de Planificación e Programación da Axencia Galega de Infraestruturas da Xunta de Galicia

12:45 horas

*Os inventarios e os catálogos do "Patrimonio de bens culturais". Dirección Xeral de Patrimonio Cultural da Xunta de Galicia*

**Juan Naveira** e **Manuel Chaín**, subdirectores da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural da Xunta de Galicia

### SESIÓN DA TARDE

#### AS OBRAS PÚBLICAS E O PATRIMONIO CULTURAL

16:30 horas

*As obras do ferrocarril en Galicia e o Patrimonio Cultural*

**Juan Pablo Villanueva**, xerente de Área do ADIF en Galicia

17:15 horas

*As obras hidráulicas en Galicia e o Patrimonio Cultural*

**Francisco Alonso**, xefe da Demarcación de Pontevedra de Augas de Galicia

**Ignacio Ardá Freire**, director técnico adxunto da Confederación Hidrográfica do Miño-Sil  
Coordina e modera: **Carlos Nárdiz**

18:30 horas

*A Xestión do Patrimonio Cultural do Territorio*

**Felipe Criado Boado**, profesor de investigación do CSIC e director do Instituto de Ciencias do Patrimonio do CSIC

**Carlos Amoedo**, catedrático de Dereito Administrativo da UDC

**Xoán Carmona**, catedrático de Historia e Institucións Económicas da USC

**Ramón Yzquierdo Perrín**, catedrático de Historia da Arte da UdC

Coordina e modera: **Pegerto Saavedra Fernández**, catedrático de Historia Moderna da USC

## 14 DE MAIO

### SESIÓN DA MAÑÁ

09:30 horas

*O Patrimonio Cultural nos estudos de avaliación ambiental e a paisaxe*

**Carlos Calzadilla**, subdirector Xeral de Avaliación Ambiental da Xunta de Galicia

**Augusto Pérez Alberti**, catedrático de Xeografía Física da USC

10:45 horas. Pausa

11:15 horas

*Os organismos públicos de investigación e os axentes sociais na conservación do patrimonio cultural do territorio*

**Juan R. Acinas**, profesor de Enxeñería Hidráulica da UdC

**Rebeca Blanco Rotea**, investigadora do Laboratorio de Patrimonio, Paleoambiente e Paisaxe, Instituto de Investigacións Tecnolóxicas, USC

**Alfonso Revilla**, Oficina de Planeamento, S.A.  
**Marcial Gondar**, catedrático de Antropoloxía Social da USC

Coordina e modera: **Iago Seara**

13:00 horas

*Territorio e Patrimonio Cultural. Unha tarefa encomiable e difícil*

**Ma Carmen Martínez Ínsua**, directora Xeral do Patrimonio Cultural da Xunta de Galicia

14:00 horas

*Conclusións por parte dos coordinadores e participantes*

**ORGANIZA:**

Sección de Patrimonio e Bens Culturais do Consello da Cultura Galega

**COORDINAN:**

Iago Seara

Carlos Nárdiz

**LUGAR DE REALIZACIÓN:**

Consello da Cultura Galega

Pazo de Raxoi, 2º andar

Praza do Obradoiro, s/n

15705 Santiago de Compostela

Tel. 981 957 202 / Fax 981 957 205

**INSCRICIÓN:**

A inscrición é gratuíta.

O número de prazas é limitado (100 persoas).

As prazas cubriranse por rigorosa orde de inscrición.

Entregarase diploma acreditativo de asistencia ao seminario.

Para obter o diploma é preciso asistir ao 75% das sesións.

Só se garantirá a distribución de material divulgativo impreso ás persoas previamente inscritas na actividade.

**MÁIS INFORMACIÓN:**

[www.consellodacultura.org](http://www.consellodacultura.org)

[difusion@consellodacultura.org](mailto:difusion@consellodacultura.org)

Consulta os materiais en <http://consellodacultura.org/mediateca>



CONSELLO  
DA CULTURA  
GALEGA

Pazo de Raxoi, 2º andar.  
Praza do Obradoiro, s/n.  
15705 Santiago de Compostela  
Tel.: 981 957 202 / Fax 981 957 205